

Pola Xunta de Goberno Local, en sesión celebrada o día 10 de marzo de 2014, adoptouse o seguinte acordo:

**4. PROPOSTA DE APROBACIÓN DA ADXUDICACIÓN DA CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE MANTEMENTO DAS ÁREAS INFANTÍS DE XOGOS DO CEIP A LAXE (VALÓN) E DA ESCOLA INFANTIL FERROL-CARANZA (EXPTE.: PN 05003 13/40) Á EMPRESA JARDINCELAS, S.L., E ACORDOS COMPLEMENTARIOS.**- Examinada a proposta que eleva o Presidente da Mesa de Contratación, que textualmente di: "A Xunta de Goberno Local do Concello de Ferrol, na súa sesión de data 18/11/2013, aprobou o expediente de contratación administrativa correspondente á **Contratación do servizo de mantemento das áreas infantís de xogos do CEIP A Laxe (Valón) e da Escola Infantil Ferrol-Caranza (Exppte.: PN 05003 13/40)**; os pregos de cláusulas administrativas particulares, a "Memoria valorada do Mantemento da área infantil de xogos da Escola Infantil Ferrol-Caranza"; (a "Memoria valorada do Mantemento da área infantil de xogos do CEIP A Laxe-Valón" fora aprobada pola Xunta de Goberno o 04/11/2014), a convocatoria da licitación mediante procedemento negociado sen publicidade cun único criterio de valoración, a remisión de invitacións a licitar ás empresas propostas polas Concellerías que solicitan esta contratación e a aprobación do gasto plurianual do contrato, tramitado como expediente anticipado de gasto, condicionado á existencia de crédito adecuado e suficiente no momento da súa adxudicación e formalización para financiar as obrigas derivadas do contrato no exercicio correspondente, do seguinte xeito:

	PARTIDA ORZAMENTARIA	GASTO ANUAL CO IVE	GASTO DOUS ANOS CO IVE	GASTO CATRO ANOS CO IVE
CEIP A Laxe-Valón	05003-3243-219	2.572,96 €/ano	5.145,92 €	10.291,84 €
Escola Infantil Ferrol-Caranza	03109-1691-21200	2.942,72 €/ano	5.885,44 €	11.770,88 €

O día 22/11/2013 publicáronse os datos desta licitación no Perfil do Contratante do Concello de Ferrol e remitíronse invitacións a presentar oferta a: JMPK PARQUES INFANTILES Y MOBILIARIO URBANO, S.L.; JARDINERÍA ARCE, S.L. e LAPPSET ESPAÑA, VR, S.L. Con data do 04/12/2013 remitiuse invitación á empresa: JARDINCELAS, S.L. Segundo consta no certificado emitido polo Rexistro Xeral, dentro do prazo concedido aos efectos, presentaron oferta a esta licitación: JARDINERÍA ARCE, S.L.; LAPPSET ESPAÑA VR, S.L. e JARDINCELAS, S.L. A Mesa de Contratación, na súa sesión de data 17/01/2014 procedeu á revisión da documentación administrativa (declaracións responsables) presentada polas empresas nos sobres A) "Documentación", declarando inicialmente ADMITIDAS a esta contratación as tres ofertas presentadas.

De seguido, a Mesa de Contratación procedeu, en acto público, á apertura dos sobres B) "Oferta económica-Referencias técnicas do

criterio avaliable mediante cifras ou porcentaxes" dos licitadores inicialmente admitidos, resultando as ofertas seguintes:

Plica nº 1: Jardinería Arce SL, Que oferta a execución do contrato na cantidade de:

Área infantil de xogos	Importe (sen IVE)
CEIP A Laxe-Valón	2.020,09 €/ano
Escola Infantil Ferrol-Caranza	2.310,40 €/ano
Importe Total	4.330,49 €/ano

Plica nº 2: Lappset España VR SL: Que oferta a execución do contrato na cantidade de:

Área infantil de xogos	Importe (sen IVE)
CEIP A Laxe-Valón	2.431,36 €/ano
Escola Infantil Ferrol-Caranza	2.334,72 €/ano
Importe Total	4.376,06 €

Considerando que o tipo anual respecto do centro CEIP A Laxe-Valón ascende á cantidade de 2.126,41 €/ano (sen IVE) e a oferta presentada por Lappset España VR SL o supera; tendo en conta ademais que a suma total dos importes ofertados para as dúas áreas non excede do tipo de licitación total establecido nos pregos (4.558,41 €/ano, sen IVE) queda pendente o análise técnico en detalle da oferta presentada.

Plica nº 3: Jardincelas SL: Que oferta a execución do contrato na cantidade de:

Área infantil de xogos	Importe (sen IVE)
CEIP A Laxe-Valón	1.333,99
Escola Infantil Ferrol-Caranza	1.517,25
Importe Total	2.851,24 €

As ofertas económicas (sobres C) remitíronse a informe técnico respecto do criterio de valoración "Oferta económica" do Anexo IV do prego.

Na sesión da Mesa de Contratación de data 14/02/2014, deuse conta dos informes técnicos de datas 20/01/2014 e 07/02/2014, emitidos pola arquitecta técnica municipal (que se transcriben a continuación) e adoptou os acordos que se indican, en base ao establecido nos citados informes técnicos:

Informe técnico de data 20/01/2014:

**Nº DE REXISTRO:** 14E012

**CENTRO:** CEIP A Laxe (Valón) e Escola infantil de Caranza

**CONTRATO:** Servizo de mantemento das areas infantís de xogo (PN 05003 13/40)



A oficial maior pediu un informe que indique a adecuación das propostas aos pregos de cláusulas e valoración para a prestación do Servizo de mantemento das areas infantís de xogo en CEIP A Laxe (Valón) e Escola infantil de Caranza, polo que emito o seguinte informe:

O prego de cláusulas administrativas establece no seu punto 3.1 que o tipo de licitación será:

	IMPORTE ANO CO IVE	IMPORTE ANO SEN IVE	IMPORTE DO 21% DO IVE	TOTAL DOUS ANOS CO IVE	TOTAL DOUS ANOS SEN IVE
CEIP A Laxe-Valón	2.572,96 €/ANO	2.126,41 €/ANO	446,55 €/ANO	5.145,92 €	4.252,82 €
Escola infantil Ferrol- Caranza	2.942,72 €/ANO	2.432,00 €/ANO	510,72 €/ANO	5.885,44 €	4.864,00 €
TOTAIS	5.515,68 €/ANO	4.558,41 €/ANO	957,27 €/ANO	11.031,36 €	9.116,82 €

No punto 3.2 o prego di que o importe estimado do contrato virá determinado polo importe anual sen IVE do mantemento das dúas áreas infantís tendo en conta a duración inicial do contrato máis as eventuais prórrogas, polo que considero que será o tipo de licitación a cantidade total anual sen IVE (4.558,41 €).

A empresa LAPPSET ESPAÑA VR SL presenta un cadro no que as caselas correspondentes a IMPORTE ANO SEN IVE especifica:

CEIP A Laxe-Valón: 2.431,36 €.

Escola infantil Ferrol-Caranza: 2.334,72 €.

O importe do concepto referente a CEIP A Laxe-Valón é superior ao importe recollido no cadro do prego.

Importes totais: 4.376,06 €.

A suma dos dous primeiros conceptos non coincide coa cantidade total. Ante unha oferta cun prezo base superior ao prezo base do prego de cláusulas administrativas e con erros aritméticos que non permiten discernir claramente a cantidade ofertada, propoño o rechazo da oferta da empresa LAPPSET ESPAÑA VR SL.

As outras dúas empresas entregaron táboas similares coas seguintes cantidades correspondentes á casela que recolle a cantidade total anual sen IVE:

Oferta da empresa JARDINCELAS: 2.851,24 € (sen IVE)

Oferta da empresa JARDINERÍA ARCE SL: 4.330,49 € (sen IVE)

Entón:

Oferta menor: 2.851,24 € (sen IVE)

Oferta maior: 4.330,49 € (sen IVE)

Oferta maior menos o seu 20%: 3.464,39 €.

A oferta da empresa JARDINCELAS é inferior en máis de 20 unidades porcentuais á oferta de JARDINERÍA ARCE SL, polo que segundo o artigo 2 do Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba

o Regulamento xeral da Lei de contratos das administracións públicas, a oferta da empresa JARDINCELAS resulta desproporcionada.

De acordo cos motivos que constan no antedito informe técnico, a Mesa de Contratación acordou REXEITAR a oferta presentada pola empresa: PLICA N° 2: LAPPSET ESPAÑA VR, S.L., xa que, tal como consta no informe a oferta económica desta empresa é "unha oferta cun prezo base superior ao prezo base do prego de cláusulas administrativas, e con erros aritméticos que non permiten discernir claramente a cantidade ofertada".

Así mesmo, no citado informe técnico identifícase á empresa que incorre en prezo desproporcionado (PLICA N° 3: JARDINCELAS, S.L.), de conformidade co criterio establecido no prego de cláusulas administrativas para a consideración de baixas temerarias.

Dáse conta á Mesa de Contratación que á empresa citada se lle concedeu un prazo de audiencia para que xustificase o prezo ofertado. Dentro do prazo concedido aos efectos, a empresa presentou documentación de xustificación da súa baixa, que foi remitida a informe técnico para o seu exame.

De seguido, dáse conta á Mesa do informe técnico emitido en data 07/02/2014, no que se analiza a documentación aportada para a xustificación da baixa temeraria citada, e se procede a valorar as ofertas económicas, do seguinte xeito:

Informe técnico de data 07/02/2014:

**N° DE REXISTRO:** 14E017

**CENTRO:** CEIP A Laxe (Valón) e Escola infantil de Caranza

**CONTRATO:** Servizo de mantemento das areas infantís de xogo (PN 05003 13/40)

Tras emitir o informe 14E012 sobre as ofertas presentadas polas empresas, a empresa JARDINCELAS presentou alegacións.

Á vista da alegación presentada pola empresa, pódese considerar que a oferta de JARDINCELAS se axusta aos prezos do mercado principalmente polos seguintes motivos:

Ao prestar un servizo similar no municipio o desprazamento dos traballadores resulta máis económico.

O feito de ter acopio de materiais abarata os custos de transporte.

Asegura ter un desconto importante no prezo das pezas por parte dos subministradores.

Tendo en conta a xustificación, a valoración final é a seguinte:

O orzamento da valoración inicial é de 4.558,41 € sen IVE (5.515,68 € cun 21% de IVE).

1° Oferta da empresa JARDINCELAS: 2.851,24 € (sen IVE)

2° Oferta da empresa JARDINERÍA ARCE SL: 4.330,49 € (sen IVE)

Puntuación obtida por cada unha das empresas:

Fórmula do anexo IV do prego de cláusulas administrativas particulares:

Puntuación =  $\frac{\text{(Tipo de licitación - oferta empresa)} \times (+1)}{\text{(Puntos de criterio- 1)}}$

(Tipo de licitación - límite da baixa)

Tipo de licitación: 4.558,41 € (sen IVE)  
 Oferta da empresa 1: 2.851,24 € (sen IVE)  
 Oferta da empresa 2: 4.330,49 € (sen IVE)  
 Puntos de criterio: 100.  
 Límite de baixa: 2.851,24 €.  
 Puntuación da empresa 1: 100 puntos.  
 Puntuación da empresa 2: 14,22 puntos

Á vista do informe técnico citado e co voto favorable de todos os asistentes, a Mesa de Contratación adoptou os seguintes acordos:

-Valorar os sobres B) "Oferta económica-referencias técnicas do criterio avaliable mediante cifras ou porcentaxes" das empresas presentadas e inicialmente admitidas a esta licitación, coa puntuación recollida no antedito informe técnico.

A puntuación é como segue:

Empresa	Puntuación sobre B) "Oferta Económica"
Plica nº 1: Jardinería Arce SL	14,22 puntos
Plica nº 3: Jardincelas SL	100 puntos

-Propoñerlle ao órgano de contratación a adxudicación da **Contratación do servizo de mantemento das áreas infantís de xogos do CEIP A Laxe (Valón) e da Escola Infantil Ferrol-Caranza (Expte.: PN 05003 13/40)** á empresa JARDINCELAS, S.L. Adxudicación que se efectuará de acordo coa oferta presentada e o prego que rexe esta contratación. Condicionada a que a empresa presente a documentación establecida no prego tralo correspondente requirimento. Procedéndose, tal e como establece a cláusula 21, no caso contrario.

Efectuado o requirimento para a presentación de documentación á empresa JARDINCELAS, S.L., esta presentou en prazo toda a documentación.

Revisada dita documentación polos servizos municipais, considerouse que cumpre o esixido na cláusula 21 do prego.

Polo exposto, o presidente da Mesa de Contratación Permanente do Concello de Ferrol propoñe á Xunta de Goberno Local a adopción dos seguintes acordos:

**-Primeiro:** REXEITAR, polas razóns indicadas na parte expositiva, a oferta presentada pola empresa: LAPPSET ESPAÑA VR, S.L. (PLICA Nº 2).

**-Segundo:** ADXUDICAR, polas razóns recollidas na parte expositiva, a **Contratación do servizo de mantemento das áreas infantís de xogos do CEIP A Laxe (Valón) e da Escola Infantil Ferrol-Caranza (Expte.: PN**

05003 13/40) á empresa JARDINCELAS, S.L. (CIF B-15538135) polos importes que constan na súa oferta, que son os seguintes:

ÁREA INFANTIL:	IMPORTE ANO SEN IVE	IVE (21%)	IMPORTE ANUAL (IVE incluído)	IMPORTE POLOS DOUS ANOS (IVE incluído)
CEIP A Laxe- Valón	1.333,99 €	280,14 €	1.614,13 €	3.228,26 €
Escola infantil Ferrol-Caranza	1.517,25 €	318,62 €	1.835,87 €	3.671,74 €
TOTAIS	2.851,24 €	598,76 €	3.450,00 €	6.900,00 €

Todo isto con suxeición ós pregos de cláusulas que rexen o presente contrato e consonte a súa oferta.

**-Terceiro:** FORMALIZAR o contrato no prazo máximo de QUINCE DÍAS HÁBILES seguintes a aquel en que reciban a notificación da adxudicación os licitadores e candidatos, de conformidade co establecido na cláusula 22 do prego.

**-Cuarto:** DESIGNAR, de acordo co establecido na cláusula 32 do prego de cláusulas administrativas, RESPONSABLE DO CONTRATO correspondente á **Contratación do servizo de mantemento das áreas infantís de xogos do CEIP A Laxe (Valón) e da Escola Infantil Ferrol-Caranza (Expte.: PN 05003 13/40)** á arquitecta técnica municipal dona M<sup>a</sup> Jesús Rodríguez Casanova.

A Xunta de Goberno Local, en votación ordinaria e por unanimidade dos sres/as asistentes, acordou a aprobación da proposta anteriormente transcrita.

Comunicollo a Vde. para o seu coñecemento e efectos, facéndolle saber que a presente resolución pon fin á vía administrativa e contra a mesma poderá interpoñerse o recurso potestativo de reposición ante o órgano que dictou a presente resolución dentro do prazo dun mes contado dende o día seguinte ó da notificación da presente resolución, de conformidade co disposto nos arts. 116 e 117 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, do réxime xurídico das Administracións públicas e do procedemento administrativo común, na súa redacción dada pola Lei 4/1999, de 13 de xaneiro (BOE de 14.01.99), sen prexuízo da posibilidade de interpoñer directamente recurso contencioso administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo, dentro do prazo de dous meses contados a partir do día seguinte ó da notificación da presente resolución e na forma prevista no art. 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora da xurisdicción contencioso administrativa (BOE de 14.07.98).

Poderá utilizar calquera outro recurso que estime conveniente.

Atentamente o saúda.

Pazo Municipal, 11 de marzo de 2014.

O SECRETARIO XERAL.



SECRETARIA